

2.2 Lingua estranxeira

2.2.1 Contidos

Contidos funcionais

- Describir e comparar persoas, obxectos, situacións e procesos, e formular definicións.
- Pedir e xerar información sobre acontecementos, e facer o seu resumo.
- Narrar acontecementos e feitos presentes, pasados e futuros.
- Expresar as nocións de existencia e inexistencia, presenza ou ausencia, dispoñibilidade ou indispoñibilidade, capacidade ou incapacidade, cantidade, medida e peso.
- Expresar certeza e dúbida. Expresar un feito como posible ou imposible, probable ou improbable, e necesario, obrigatorio ou prohibido como consecuencia lóxica doutro feito.
- Expresar opinión, sentimentos, interese, preferencia, fruición, acordo ou desacordo. Lamentar, pedir desculpas e desculpar.
- Pedir e dar instrucións. Suxerir, aconsellar e recomendar unha actuación.
- Invitar a facer algunha cousa. Pedir, dar e denegar permiso para facer algo ou para que alguén o faga.
- Reproducir preguntas e informacións que alguén fixera ou difundira.
- Expresar intención, desexo, vontade ou decisión de facer algo. Ofrecerse ou negarse a facer algunha cousa.

Áreas temáticas

- Información persoal, aspecto físico, carácter, familia, amigos, intereses, etc.
- Profesións e ocupacións: tipos de traballo, lugar, formación, condicións, ingresos, etc.
- Vivenda: situación, tipos, moblaxe, servizos, etc.
- Educación: materias, escolarización, etc.
- Lecer: afeccións, deportes, música, prensa, cine, teatro, etc.
- Viaxes e medios de transporte: vacacións, hoteis, idiomas, etc.
- Relacións sociais: invitacións, correspondencia, etc.
- Saúde, benestar e medio ambiente: partes do corpo, doenzas, accidentes e servizos médicos.
- Tendas e lugares onde ir comprar (alimentos e bebidas, roupa, prezos, medidas, etc.) e contratar servizos (correos, teléfonos, bancos, policía, etc.).
- Lugares e países: accidentes xeográficos, orientacións e distancias.

2.2.2 Criterios de avaliación

- CA1** Resumir textos descritivos, narrativos ou informativos, ordenadamente as ideas con coherencia discursiva, corrección ortográfica e gramatical, e co tipo de léxico acaído.
- CA2** Redactar textos descritivos, narrativos ou informativos sinxelos e de curta extensión, a partir do seu repertorio propio, con corrección textual, gramatical e ortográfica, de xeito estruturado e con coherencia discursiva.
- CA3** Utilizar todos os datos requiridos nun escrito organizados adecuadamente e con cohesión, utilizando para iso os conectadores básicos, estruturas sintácticas axeitadas, e vocabulario variado e adecuado, polo que non será suficiente con extraer simplemente construcións ou vocábulos do texto anexo na proba.
- CA4** Empregar con corrección os verbos nos tempos e coas persoas adecuadas, coitando a concordancia e a secuencia temporal.
- CA5** Utilizar as estruturas gramaticais e as funcións principais acaídas ao tipo de texto requirido.
- CA6** Extraer as informacións globais e específicas de textos escritos de diferentes tipos relacionados coa realidade cotiá ou referidos á actualidade, extraídos de revistas, xornais, etc.
- CA7** Interpretar instrucións sinxelas con claridade e utilizar construcións e vocabulario que eviten a repetición do exposto no texto.
- CA8** Sinalar o significado de palabras, elementos de frases ou frases a partir da información dada polo contexto e a bagaxe lingüística e cultural propia.
- CA9** Facer os cambios pertinentes na frase para pasar de singular a plural, do modo afirmativo ao negativo ou ao interrogativo, e de presente a pasado ou a futuro.
- CA10** Responder cuestións relacionadas coa vida cotiá, de forma escrita, con corrección textual e gramatical.